



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

PROPOSTA PARA APROBACIÓN PLENARIA.

ASUNTO: APROBACION DE PREZOS PÚBLICOS PARA ROTAS TURÍSTICAS EN VELEIRO

CONSIDERANDO que o Concello da Pobra do Caramiñal ten previsto o desenvolvemento de rotas turísticas en veleiro con obxecto de ampliar a oferta turística do Concello nos meses de verán, dentro do ámbito das súas competencias de acordo co previsto no artigo 25.2.H da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

VISTOS os informes emitidos polo Técnico de Administración financeira e a Intervención municipal

CONSIDERANDO que os prezos públicos propostos son suficientes para cubrir os custes das actividades, e tendo en conta o previsto no RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

CONSIDERANDO o establecido no artigo 47.1 do RDL 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación coa competencia para fixación de prezos públicos.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o establecemento do prezo público pola prestación de servizos de rotas turísticas en veleiros, que se regulará polas seguintes normas de xestión:

“ACORDO REGULADOR DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACION DE SERVICIOS DE ROTAS TURÍSTICAS EN VELEIRO.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

De conformidade co previsto nos artigos 127 e 41 a 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola realización de rotas turísticas en veleiro.

ARTIGO 2.- CONCEPTO.

O prezo público regulado neste acordo constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación dos servizos ou a realización de actividades definidas no artigo 1..

ARTIGO 3.- OBRIGADOS Ó PAGO.

Están obrigados ó pago do prezo público as persoas físicas ou xurídicas que soliciten ou participen nas actividades enumeradas no artigo 1.

ARTIGO 4.- CONTÍA.

1. O prezo público esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

- ◆ Tarifa xeral: 12,00 € por viaxe
- ◆ Menores de 12 anos: 8,00 € por viaxe

2. Cando asistan 2 ou mais irmáns simultaneamente á actividade, o segundo e sucesivos irmáns terán unha bonificación do 50% na cuota, sempre que sexa menor de idade.

ARTIGO 5.- OBRIGA DE PAGO E PRAZOS DE PAGO.

1. A obriga de pago xurdirá con carácter xeral cando se solicite a reserva de praza na actividade ou, no seu defecto, se inicie a prestación dos servizos correspondentes. Non obstante, cando por causas non imputables ó demandante do servizo, este non se prestase, procederase á devolución do importe efectivamente aboadado.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

2.- O prezo público aboarase en réxime de autoliquidación e depósito previo do mesmo, que deberá ser aboado cando se realice a solicitude do servizo. En todo caso, non se iniciará a prestación do mesmo se non se realizou o depósito previo.

ARTIGO 6.- PROCEDIMENTO DE APREMIO.

As débedas por impago dos prezos contemplados no artigo 4 esixíranse polo procedemento de constrinximento de acordo co disposto nos artigos 10.1 e 46.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

DISPOSICION DERRADEIRA.

O presente acordo entrará en vigor o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

SEGUNDO.- PUBLICA-LO presente acordo en base ó previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TERCEIRO.- Facultar o Sr. Alcalde – Presidente, tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

A Pobra do Caramiñal

O Alcalde

José Luís Piñeiro García